



**Instrucións enviadas ás direccións provincias do Servizo Galego de Saúde, sobre as listaxes provisionais de vinculacións temporais de FEAs, que deberán ser utilizados nas vinculacións que se formalicen a partires día 23 de xullo.**

### **LISTAXES PROVISIONAIS DE VINCULACIÓNS TEMPORAIS DE FACULTATIVOS ESPECIALISTAS DE ÁREA**

De conformidade co establecido nos acordos adoptados no seo da Comisión de seguimento do Plan de provisión de facultativos especialistas de área das institucións sanitarias achéganse listaxes provisionais, por provincia e especialidade, de vinculacións temporais de facultativos especialistas de área.

Segundo se establece nos devanditos acordos estes listaxes terán carácter provisional en tanto non remate o período ordinario de toma de posesión da OPE e do concurso de traslados. Non obstante, e tendo en conta que esta División ten concedidas prórrogas do prazo de incorporación como consecuencia das situacións ou permisos derivados da normativa sobre igualdade ou conciliación da vida familiar e laboral, ata que non se incorporen todos os adxudicatarios de ámbolos dous procesos, as listaxes non serán definitivas.

Polo tanto, e como garantía dos dereitos dos aspirantes, e para evitar efectos contrarios aos criterios de cesamento establecidos no artigo 39 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, non poderán ser ofertados vínculos estables (no sentido establecido no parágrafo terceiro da norma 7.3 do pacto de selección temporal do SERGAS) ata que as listaxes sexan definitivas.

As listaxes serán incluídas no apartado de emprego público da páxina web do organismo e serán actualizadas diariamente segundo se reciban nesta División solicitudes de incorporación, figurando nun recadro a data de xeración.

Igualmente serán enviadas por correo electrónico ás Direccións Provincias do organismo cada vez que sexan actualizadas, figurando igualmente a data de xeración.

Avisarase aos centros de xestión e ás Direccións Provinciais cando as listaxes sexan definitivas e, polo tanto, xa podan ofertarse vínculos estables.